



Concello de Meaño



CONVENIO DE COLABORACION ENTRE O CONCELLO DE MEAÑO (NIF P3602700A) E A ASOCIACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA GAM (CIF G36155943) PARA A ESCOLA DEPORTIVA DE TENIS DE MESA. EXERCIZO 2023

En Meaño, REUNIDOS:

Dunha parte, D. Carlos Viéitez Fernández, con DNI nº ***0972**, actuando en nome e representación do Concello de Meaño, na súa calidade de alcalde, en virtude das facultades representativas que lle atribúe a Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Doutra parte, D./D^a Marcos Castro Balboa, con DNI nº ***2144**, na súa calidade de Presidente da Asociación Cultural e Deportiva GAM (o cal acredita mediante certificación da Secretaría da Asociación).

Asiste como fedataria pública D^a M^a Teresa Escudero Barral, secretaria-interventora do Concello de Meaño.

Actúan ambos coa representación que legal e regulamentariamente teñen concedida, recoñecéndose reciprocamente os asinantes do presente documento plena capacidade para á firma do presente CONVENIO e para o efecto

EXPOÑEN:

PRIMEIRO.- Que o Concello de Meaño ten como unha das súa competencias a promoción do deporte, de acordo co previsto no artigo 25.2.1) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das





Concello de Meaño

bases do Réxime Local e no artigo 80.2 n) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

O deporte constitúe unha actividade que incrementa a cohesión social, motivo polo cal se considera que o impulso municipal á oferta deportiva e o fomento do tecido asociativo deportivo potencian a práctica do deporte e tamén o desenvolvemento local, polo que Concello de Meaño, dentro das súas posibilidades económicas, apoia aquelas iniciativas conducentes ó desenvolvemento de accións que contribúen a promoción e difusión deportiva, especialmente daqueles deportes colectivos nos que participan os nenos/as e xoves do noso municipio, xa que a participación en actividades físicas contribúe ao desenvolvemento da saúde e a aptitude física, adquisición de coñecementos e destrezas para manter un estilo de vida saudable e a integración social; razóns que acreditan o interese público e social do convenio e nas que radica o carácter singular da entidade e finalidade deste convenio.

A Asociación Cultural e deportiva GAM e o Concello de Meaño pretenden con este convenio potenciar e coordinar actuacións de promoción do deporte e fomentar a cooperación e colaboración no desenvolvemento de proxectos deportivos co recoñecemento dos valores da práctica deportiva e a súa promoción entre as/os nenos/as e mocidade do municipio.

SEGUNDO.- O presente convenio ten por obxecto contribuír á financiación dos gastos correntes da ESCOLA DEPORTIVA DE TENIS DE MESA co fin de manter e seguir mellorando esta actividade.

A tal efecto, na Base XII de execución do Orzamento municipal do ano 2022, prorrogado para 2023, establécese a seguinte subvención nominativa:

APLICACIÓN	BENEFICIARIO	FINALIDADE	IMPORTE MÁXIMO
341.480.03	Asoc.Cultural e Deportiva GAM G36155943	Escola deportiva TENIS DE MESA - Fomento do Deporte	2.000,00 €

TERCEIRO.- Que a Asociación Cultural e Deportiva GAM ten entre os seus fins principais os seguintes:

*O fomento da práctica deportiva sen ánimo de lucro.





Concello de Meaño

CUARTO.-

A) Que a Asociación Cultural e Deportiva GAM figura inscrita no Rexistro de Asociacións do Concello de Meaño.

B) Que aporta neste acto:

- Certificación da Secretaría da entidade de non estar incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade para contratar e percibir subvencións ou axudas da Administración Pública

- Certificacións expedidas Axencia Tributaria estatal e autonómica, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Deputación Provincial de atoparse ao corrente nas súas obrigas tributarias coa facenda estatal, autonómica de local e coa Seguridade Social.

- Póliza de seguro de responsabilidade civil vixente e ao corrente do seu pago.

Polo anterior, ámbalas dúas partes asinantes acordan outorga-lo presente convenio de colaboración en base ás seguintes

CLAUSULAS:

PRIMEIRA.- O obxecto do presente Convenio é regula-la colaboración entre o Concello de Meaño e a Asociación Cultural e Deportiva GAM, mediante unha subvención directa, coa finalidade de fomentar a práctica deportiva de acordo coas competencias propias do Concello e os fins que caracteriza á Asociación Cultural e Deportiva GAM; contribuíndo o Concello de Meaño ao financiamento dos gastos correntes da ESCOLA DEPORTIVA DE TENIS DE MESA incluídos os derivados da participación nas competicións, co fin de manter e seguir mellorando esta actividade.

SEGUNDA.- A Asociación Cultural e Deportiva GAM comprométese a:

- 1) Realizar as actividades subvencionadas segundo as normas de funcionamento da propia Asociación e as directrices que sinala o Concello.
- 2) Admitir nas actividades a que se refire a subvención con carácter prioritario ás/ós veciñas/os de Meaño.
- 3) Someterse as actuacións de comprobación que respecto a xestión dos fondos outorgados poda facer o Concello, así como calquera outras de comprobación e control financeiro que podan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, aportando canta





Concello de Meaño

información sexa requirida no exercicio de súas actuacións.

4) No desenvolvemento destas actividades farase a debida publicidade onde figure o patrocinio das mesmas por parte do Concello de Meaño de forma clara e inequívoca.

5) O desenvolvemento das actividades da escola deportiva de tenis de mesa non implicará relación laboral ou de natureza similar entre as persoas que vaian desenvolver as accións relacionadas con estas escolas deportivas e o Concello de Meaño, de tal xeito que ao Concello de Meaño non se lle pode esixir ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento das escolas deportivas.

TERCEIRA.- O Concello de Meaño comprométese a colaborar no mantemento e promoción de actividades da Escola de tenis de mesa cunha subvención máxima de 2.000,00 € no ano 2023, con cargo á partida 341.480.03 do Orzamento municipal 2022, prorrogado para 2023.

A presente subvención é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas ou ingresos para a mesma finalidade, procedentes de calquera das administracións e entes públicos ou privados ou persoas físicas, pero en ningún caso o conxunto das axudas e achegas recibidas poderá superar o 100% do custo da actividade ou proxecto subvencionado.

O libramento da axuda, previa xustificación da realización total ou parcial da actividade subvencionada e do gasto realizado, poderá ser efectuado parcialmente con carácter trimestral ou semestral ou na súa totalidade con carácter anual, podendo ascender o total da axuda ó 100% do gasto subvencionable.

Para percibir a subvención as entidades deberán presentar a seguinte documentación, **obrigatoriamente** por medios electrónicos na sede electrónica do Concello de Meaño, co enderezo **concellodemeano.sedelectronica.gal**, a través da instancia xenérica dispoñible e a que se achegará a seguinte documentación:

* Memoria xeral da actividade, asinada electronicamente pola presidencia.

A necesidade dos gastos de transporte, viaxes, etc que se deriven da actividade deberán xustificarse na memoria.

No caso de que un mesmo gasto poida aplicarse a mais dun proxecto ou actividade, ou ben o mesmo non sexa aplicable ao 100% a proxecto/ actividade/finalidade a que se refire este





Concello de Meaño

Convenio, explicarase o método seguido para o cálculo do gasto imputado, por exemplo: no caso de atender a usuarios/ beneficiarios de varios concellos en atención a número de usuarios/ beneficiarios do Concello de Meaño; no caso de nóminas atendendo ao número de horas empregado polo traballador nas actividades subvencionadas; etc.

* Declaración da Presidencia da Asociación das actividades realizadas no período a xustificar, asinada electronicamente.

* Facturas, indicando o número de unidades, os prezos unitarios e o custo total de cada unha, relacionadas coa actividade subvencionada. De tratarse de gastos de monitores ou director presentaran nóminas, facturas ou liquidacións debidamente asinada polo beneficiario en a que se reflexen os datos persoais, concepto e o importe íntegro da prestación, o importe da retención correspondente ao IRPF e o importe líquido a percibir polo interesado. Para recibir o seguinte trimestre será necesario presentar o ingreso efectuado a Axencia Tributaria do retido no trimestre anterior (Mod. 111).

Estes documentos probatorios estarán conformadas, mediante sinatura electrónica, polo/a Presidente/a da asociación, con indicación do DNI .

Os gastos de transporte, viaxes, etc que se deriven da participación en ligas, competicións, eventos, torneos, actuacións, xuntanzas, etc deberán xustificarse achegando ademais da documentación xeral establecida (facturas e xustificantes de pago):

- Para as competicións deportivas/ligas: achegando o correspondente calendario de competición no que figure o clube, categoría, data e lugar do evento deportivo.

- Para outra clase de eventos ou torneos deportivos, actuacións, xuntanzas, etc mediante cartel, anuncio ou certificado expedido polo organizador no que figure a asociación/clube (con indicación da categoría de ser o caso dun clube deportivo), data e lugar do evento, xuntanza, etc.

As facturas deberán de cumprir coa normativa de facturación.

* Certificación de estar ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias (Facenda do Estado, Facenda da Comunidade Autónoma e fronte á Seguridade Social).

* Declaración-certificación asinada electronicamente polo Presidente/a, Secretario/a e Tesoureiro/a da Asociación, segundo Anexo I que se achega.

* Conta xustificativa do gasto, segundo Anexo II que se achega, asinado electronicamente.





Concello de Meaño

- * Certificación bancaria na que conste a titularidade da conta bancaria da asociación.
 - * Acreditación de ter realizado o pago dos gastos xustificadas; cando o importe supere o 500,00 € só se admitirá como xustificante de pago a transferencia bancaria.
 - * Acreditación de contar co seguro de responsabilidade civil e ao corrente do seu pago (No caso de non xustificalo para a anualidade completa no intre de formalizar o convenio).
 - * Xustificación da publicidade onde figure o patrocinio das mesmas por parte do Concello de Meaño con escudo do Concello e texto Concello de Meaño (Vestuario, notas de prensa, material de divulgación, papelería, lonas publicitarias, páxina web e redes sociais de asociación, etc.)
- *O Concello de Meaño poderá consultar e/ou poñer en coñecemento da Axencia Tributaria, da Seguridade Social ou de calquera outro organismo/ administración competente, as dúbidas ou incidencias que xurdan en relación coas facturas, nóminas e/ou pagos que se presenten para a xustificación da axuda concedida.

Si a documentación presentada non reúne os requisitos esixidos requirirase á asociación, de conformidade co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, para que nun prazo de 10 días hábiles emende as faltas ou presente os documentos preceptivos.

No caso de non enmendar no citado prazo, darase un novo e improrrogable prazo de 5 días hábiles.

Á vista da documentación xustificativa presentada, a Xunta de Goberno estimará o cumprimento das actividades subvencionadas, e procederá , no seu caso ó recoñecemento e pago da mesma.

O aboamento da subvención ou axuda farase efectivo por medio de ingreso na conta bancaria da entidade financeira que conste no Rexistro de Asociacións do concello sinalada pola entidade beneficiaria na documentación achegada.

O prazo de xustificación rematará o día 20 de decembro do ano en curso, salvo que a actividade afecte ao último trimestre, en cuxo caso poderá ser xustificada antes do 31 de xaneiro do ano seguinte. De non xustificarse antes de ditas datas perderase o dereito a esixila; sen prexuízo do





Concello de Meaño

senalado na letra D da Base XII das Bases de Execución do Orzamento.

CUARTA.- A Asociación Cultural e Deportiva GAM queda sometida á responsabilidade e ao réxime sancionador establecido no artigo 40 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais así como no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

QUINTA.- Para o cumprimento do presente convenio créase unha Comisión Mixta de Seguimento, formada pola concelleira de cultura, educación, infancia e xuventude, deporte e ocupación do tempo libre, un/unha empregada pública do Concello de Meaño e o presidente da Asociación Cultural e Deportiva GAM

Dita Comisión será a encargada do seguimento, interpretación e control do convenio, así como, de se-lo caso, arbitra-los mecanismos de solución de controversias e de denuncia do convenio por algunha das partes.

SEXTA.- O Concello de Meaño resérvase o dereito a orientar técnicamente as actividades, a comprobar os datos económicos así como a supervisar a efectiva realización delas, e a entender e dar a coñecer publicamente as actividades subvencionadas.

O Concello de Meaño poderá revogar as axudas previstas neste convenio nos seguintes casos:

-Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para elo ou ocultando aquelas que o impidiran.

-Incumprimento total ou parcial do obxectivo da actividade a subvencionar.

-Incumprimento das obrigas de adoptar as medidas de difusión.

-Resistencia, escusa ou obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control.

-Non asinar o convenio no prazo sinalado polo Concello.

O incumprimento de calquera das cláusulas do Convenio constituirá causa suficiente de rescisión deste.

SÉTIMA.- A vixencia do presente Convenio será dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023, estendendo os seus efectos ao exercicio 2023.

OITAVA.- O presente convenio ten natureza administrativa e elaborase no marco Lei 40/2015,





Concello de Meaño

do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, do R.D. 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro; rexéndose polo disposto nas cláusulas do mesmo e, no seu defecto, pola lexislación sinalada. Será competente para entender nos litixios que puideran xurdir a Xurisdición Contencioso-Administrativa.

NOVENA.- De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o convenio de colaboración e a información sobre a subvención articulada no mesmo serán comunicados á Base de datos nacional de subvencións do Ministerio de Hacienda.

O presente Convenio obriga ó cumprimento do expresamente pactado, someténdose ámbalas dúas partes ó acordado en tódalas estipulacións.

En proba de conformidade asinan o presente Convenio, que se estende por duplicado, no lugar e data anteriormente indicada.

O ALCALDE

O/A PRESIDENTE/A DA ASOCIACIÓN

A SECRETARIA DO CONCELLO

